

---

## NORMATIVA INTERNA APLICABLE AO PROGRAMA ERASMUS DE MOBILIDADE ESTUDANTIL NAS TITULACIÓNS DA FFT

(Modificada en Xunta de Facultade do 22 de novembro  
de 2023)

### NORMAS DE APLICACIÓN XERAL A TODAS AS TITULACIÓNS

#### 1. Sobre as convocatorias e a asignación de universidades de destino

- Universidades coas que existe acordo de intercambio. O alumnado interesado en solicitar unha bolsa deberá conseguir información específica sobre as universidades de destino, podendo contactar co/as titores/as dos intercambios. A web da ORI (Oficina de Relacións Internacionais: [http://www.uvigo.es/uvigo\\_gl/Administracion/ORI](http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Administracion/ORI)) dispón dun listado dos/as titores/as correspondentes e de enlaces cos sitios web de cada institución.
- Proceso de solicitude. Todo o proceso relativo á solicitude das prazas convocadas está xestionado dende a ORI. Para resolver dúbidas sobre a convocatoria, os impresos, os prazos, as bolsas e a contía das mesmas (ou calquera outro aspecto de carácter administrativo), as persoas solicitantes deberán dirixirse directamente á ORI (Edificio Miralles; tfno.: 986 813 550; correo electrónico: [outgoing.ori@uvigo.gal](mailto:outgoing.ori@uvigo.gal)).
- Avaliación das solicitudes. Unha vez finalice o prazo de recepción de documentación pola ORI, o Vicedecanato de Relacións Internacionais da FFT encargarse de asignar os destinos e publicará un listado provisional seguindo os criterios de prelación estipulados para cada titulación (ver o explicado en seccións posteriores deste mesmo documento).
- Unha vez publicada no taboleiro oficial de Relacións Internacionais da FFT (pavillón central da Facultade de Filoloxía e Tradución) a resolución provisional, os/as candidatos/as poderán presentar, nun prazo de 5 días naturais, reclamacións debidamente razoadas ante o/a decano/a da Facultade de Filoloxía e Tradución. Despois do prazo de reclamacións, e unha vez resoltas estas, a FFT remitirá á ORI a resolución definitiva que a ORI fará pública.

- De se produciren renuncias nun prazo inmediato (e sempre e cando sexa posible levar a cabo todas as xestións correspondentes na universidade de orixe e na de destino), a ORI poderá facer uso das listas de agarda, se as houber.

## **2. Sobre a matrícula**

O alumnado participante en calquera programa de intercambio deberá matricularse na universidade de orixe (neste caso, a Universidade de Vigo) e na universidade de destino. Só pagará dereitos de matrícula na universidade de orixe. Se o/a estudante non pode efectuar a matrícula persoalmente na universidade, delegará nunha persoa, á que lle proporcionará unha relación detallada das materias da matrícula. Para os asuntos relacionados coa matrícula o alumnado deberá porse en contacto coa secretaria de alumnado (Tel: 986 812259, correo-e: secfft@uvigo.es).

## **3. Sobre o contrato de estudos e o recoñecemento dos créditos cursados**

O procedemento para solicitar o recoñecemento académico da estada desenvolvida é o seguinte: O/a bolseiro/a deberá contactar co/a titor/a do intercambio (ver listado de titores/as dispoñible na convocatoria) antes de iniciar a súa estada. O/a titor/a indicarlle os datos da persoa de contacto na institución allea e axudarlle a completar o seu contrato de estudos, recomendándolle cursos nos que lle convén matricularse segundo o seu perfil académico. As suxestións dos/as titores/as sobre materias nunca deben ser interpretadas polo alumno como recoñecementos

definitivos, xa que estes corren a cargo da (sub)comisión de Relacións Exteriores correspondente.

As normas xerais da convocatoria Erasmus sinalan que “As universidades asociadas e cada estudante individualmente deberán concertar o programa de estudos antes de que o estudante viaxe ao estranxeiro”, de xeito que é moi aconsellable que, sempre que sexa posible, antes da súa partida o alumnado formalice o seu contrato de estudos a través da Secretaría Virtual, seguindo as indicacións recibidas en reunións informativas convocadas polo persoal da ORI. O prazo de entrega do contrato de estudos no Vicedecanato da FFT remata o día 15 de xullo e será posible a súa modificación posterior no caso de que o alumnado deba facer cambios na escolla de materias ao chegar á universidade de destino. Todos os cambios solicitados polo alumnado han ser revisados polos titores/as académicos/as e aprobados polo Vicedecanato de Relacións Internacionais, mediante o novo envío do contrato de estudos a través da Secretaría Virtual. O prazo para facer as modificacións do contrato de estudos é dun mes dende o comezo das clases de cada cuatrimestre. É responsabilidade do alumnado entregar o contrato de estudos orixinal e o de modificación asinado por todas as partes no Vicedecanato (tamén poden enviarse escaneados) e na ORI. As materias que figuren no contrato deben figurar tamén na UVigo.

A FFT, a través das (sub)comisións de Relacións Exteriores correspondentes, recoñecerá os créditos cursados nas institucións alleas atendendo aos seguintes criterios:

a) O/a alumno/a deberá demostrar que estivo matriculado/a na universidade de destino durante un ano académico, un cuadrimestre ou semestre.

b) O número máximo de créditos recoñecidos nunha estadía anual será de 60 ECTS. O número máximo recoñecido nunha estadía cuadrimestral (ou semestral) será de 30 ECTS. En ambos casos, poderá haber unha flexibilidade de ata 1 ECTS. Isto sucederá unicamente en casos excepcionais que a (sub-)comisión correspondente deberá valorar de maneira individualizada. O/a bolseiro/a non poderá engadir no seu contrato de estudos ningunha materia que teña suspensa na Universidade de Vigo.

c) O/a bolseiro/a non poderá solicitar o recoñecemento de materias nas que non estea matriculado na Universidade de Vigo no ano académico no que desenvolveu a estadía. O/a bolseiro/a poderá estar matriculado en materias de cursos diferentes.

d) O recoñecemento só será efectivo cando o/a alumno/a estea de volta na Universidade de Vigo e os certificados orixinais, coas cualificacións das materias cursadas nas universidades de destino, sexan remitidos ao negociado de alumnado da FFT. Estes certificados deberán especificar o número de créditos ECTS superados e a cualificación obtida.

- f) A cualificación terá carácter global (unha mesma nota para todas as materias) e será calculada polas (sub)comisións correspondentes.
- g) A (sub)comisión de **Relacións Exteriores** correspondente estudará o contrato de estudos presentado polo/a alumno/a e decidirá o recoñecemento.
- h) A/o bolseira/o non poderá presentarse a convocatoria extraordinaria da Universidade de Vigo no caso das materias suspensas durante a estadía Erasmus.
- i) Unha vez feita a validación, o/a alumno/a poderá presentar reclamacións contra a decisión da comisión mediante un escrito dirixido ao decano/a da FFT.

## **PARTICULARIDADES DOS PROGRAMAS DE INTERCAMBIO SEGUNDO A TITULACIÓN**

### **1. Indicacións xerais**

- As indicacións recollidas para cada praza ofertada (titulación, área, etc.) son vinculantes, é dicir, indican que teñen preferencia os candidatos que cumpran esa condición.
- A (sub)comisión correspondente será soberana na resolución de solicitudes cunha circunstancia especial.
- O alumnado que opte por unha praza non anual deberá facer constar, no momento de elixir praza, cal é o cuadrimestre ou semestre da súa preferencia.

### **2. Alumnado de Graos**

- a) Calcularase a nota media de cada estudante conforme ao protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a valoración de expedientes académicos (DOG 30 setembro, 2011). O cálculo da nota media farase na data que indique a convocatoria da ORI.
- b) Deberase ter en conta que, para o alumnado de 1º curso de Grao, será imprescindible ter superado un mínimo de 21 créditos ECTS no momento de seleccionar praza de destino. Para o alumnado de cursos posteriores de Grao, será

imprescindible ter superado un mínimo dun 80 % dos créditos correspondentes ao seu 1º curso no momento de seleccionar praza de destino. É recomendable que o alumnado de Tradución e Interpretación faga a súa estancia Erasmus en 2º curso e o de Filoloxía Aplicada Galega e Española a fagan en 3º curso.

c) A prelación de alumnado seleccionado, de entre os que cumplan os requisitos relativos ao número mínimo de créditos, farase da seguinte maneira:

- Estudantes do grao en Tradución e Interpretación: Situaranse en primeiro lugar as/os estudantes que teñan as 4 materias do primeiro cuadrimestre (30 créditos) de primeiro curso aprobadas e, dentro deses, a orde farase segundo a nota media da/os estudantes, calculada segundo o protocolo referido no epígrafe 2.a. A continuación situaranse os que teñan 3 materias aprobadas (21-24 créditos), organizados tamén por nota media.

- Estudantes dos graos en Linguas Estranxeiras e Filoloxía Aplicada Galega e Española: Situaranse en primeiro lugar as/os estudantes que teñan as 5 materias do primeiro cuadrimestre (30 créditos) de primeiro curso aprobadas e, dentro deses, a orde farase segundo a nota media da/os estudantes, calculada segundo o protocolo referido no epígrafe 2.a. A continuación situaranse os que teñan 4 materias aprobadas (24 créditos), organizados tamén por nota media.

Nos casos en que haxa coincidencia no número de créditos superados e a nota media de dous ou máis estudantes, o empate desfarase mediante sorteo.

#### ESTUDANTADO ENTRANTE

O estudantado entrante da FFT debe xustificar (mediante certificado de estudos ou informe do seu profesorado) ter un nivel de lingua inglesa B1 para o grao en GLE e B1 en

castelán para GGTI e GFAGE.